

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2022 pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos de Policía Local, categoría de policía, quenda libre e concurso, e se anuncian o lugar, a data e a hora do primeiro e segundo exercicios do proceso selectivo.

Con data do 22 de outubro de 2021 o DOG fixo pública a Orde do 5 de outubro de 2021 pola que se convocaba o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos de Policía local, categoría de policía, quendas libre e de concurso.

Con data do 29 de outubro de 2021 o BOE publicou o anuncio desa convocatoria e abriuse o prazo de presentación de solicitudes. Con data do 26 de novembro de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 22 de novembro de 2021 pola que se modifica o número de prazas incluídas no proceso selectivo convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 para o acceso e ingreso nos corpos da Policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de concurso, e se amplía o prazo de presentación de solicitudes da quenda de concurso.

No *Diario Oficial de Galicia* número 242, do 20 de decembro, publicouse a resolución do 16 de decembro de 2021 pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos de Policía local, categoría de policía, quendas de acceso libre e de concurso. Esta resolución concedía un prazo de dez días hábiles para emendar os motivos de exclusión ou de non exención da proba de lingua galega. Unha vez rematado este prazo e de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 da referida Orde do 22 de outubro, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar con carácter definitivo as listaxes de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204, do 22 de outubro) pola quenda de acceso libre e concurso, así como as listaxes de persoas exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega.

A listaxe definitiva de persoas admitidas poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública <http://agasp.xunta.gal>



A listaxe de persoas declaradas exentas ou non exentas da realización da proba de lingua galega poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública <http://agasp.xunta.gal>

A listaxe definitiva de persoas excluídas na quenda de oposición libre, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo I a esta resolución.

A listaxe definitiva de persoas excluídas na quenda de concurso, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo II a esta resolución.

Segundo. O primeiro exercicio do proceso selectivo pola quenda de acceso libre, correspondente á proba de avaliación de coñecementos, terá lugar o día 20 de xaneiro de 2021, no pavillón 2 do Recinto Feiral de Silleda, 36540 Silleda (Pontevedra) en chamamento único que se realizará ás 10.00 horas.

As persoas convocadas deberán presentarse na porta asignada, que será publicada con anterioridade á proba na páxina web da Agasp, coa seguinte documentación:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. Certificado de vacinación COVID ou PCR/antixenos con resultado negativo realizado nas 48 horas inmediatamente anteriores á realización do chamamento. Esta documentación deberá ser entregada en papel para poder acceder ao recinto.
3. Lapis número 2, goma de borrar e, no caso de realizar a proba de coñecementos da lingua galega, bolígrafo azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recolla de teléfonos móbiles.

Terceiro. O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente á proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, realizarase inmediatamente a seguir da primeira proba, unha vez finalizada esta.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso postestativo de reposición ante o director xeral da Agasp, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo



no prazo de dous meses contados do mesmo xeito, nos termos previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Estrada, 12 de xaneiro de 2022

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO I

Listaxe definitiva de persoas excluídas. Quenda de oposición libre

NIF	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Causas exclusión
****154***	Álvarez	Gómez	Xeila	6
****732***	Araujo	Solou	Brandán	5
****932***	Cabrera	Lado	Iria	6
****944***	Carreira	Penalonga	Adrián	1
****426***	Cendán	Lloréns	Andrés	1,6
****127***	Corral	López	Pablo	1
****182***	Couso	Martínez	Pablo	6
****893***	Del Río	Ferro	Carolina	6
****620***	Domingos	Fernández	Alberto	1,5
****065***	Dors		Vivian Thierry	4.5,6,8
****051***	Faro	Del Pico	Sergio	4,5
****557***	Fernández	Da Vila	Carmen María	1
****653***	Fernández	Fagilde	Helena	1,6
****927***	Fernández	García	Sandra	6
****779***	Hidalgo	López	Diana Marcela	8
****672***	Iglesias	Rodríguez	Miguel	9
****832***	Lavandeira	García	Jorge	6
****580***	Lodeiro	García	Verónica	6
****059***	Monteagudo	Moraña	Breogán	1
****742***	Núñez	Fernández	José Luis	5
****636***	Oliveira	Pereira	Fernando	5
****582***	Quintela	Abuín	Samuel Ainvar	6
****834***	Rodríguez	Rivas	José Rafael	6
****880***	Román	Comesaña	Diego	6



NIF	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Causas exclusión
****984***	Romero	Gomes	Camila Clarisse	4,6,8
****041***	Sebelón	Barrio	Juan Manuel	5
****465***	Seoane	Rial de Abrales	Alejandra	6
****659***	Spadaffora	Cediel	Steven	6
****372***	Villaverde	Martinez	Fernando	6

	Causas de exclusión
1	Non presenta xustificante do aboamento da taxa
4	Non foi posible consultar os antecedentes penais.
5	Non ten ou non foi posible consultar a titulación académica requirida.
6	Non ten ou non foi posible consultar os datos do carné de conducir.
8	Non acredita posuír a nacionalidade española.
9	Solicitud presentada fóra de prazo

ANEXO II

Listaxe definitiva de persoas excluídas. Quenda de concurso

NIF	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Causas exclusión
***1583**	Andrade	Castro	Carlos	1
***6775**	Fondo	Balsas	María José	1,2
***9653**	Rey	Rodríguez	Mónica	2

	Causas de exclusión
1	Non presenta xustificante do aboamento da taxa
2	Modelo de solicitude incorrecto ou incompleto

